

PEZA DO MES

novembro

2011



**RETRATO DE
FREI DIEGO FERMÍN DE VERGARA**



DETALLE DA FACHADA DA IGREXA DE VALONGO COA IMAXE DE SAN MARTIÑO E INSCRICIÓN CONMEMORATIVA

Retrato de Frei Diego Fermín de Vergara

A peza que presentamos constitúe unha obra pictórica de especial interese documental. Trátase dun óleo sobre lenzo no que se retrata a frei Diego Fermín de Vergara e cuxas dimensións son 110 cm de altura por 82 cm de anchura. O relixioso ourensán naceu, en 1675, no lugar de Leirado, da parroquia de San Martiño de Valongo, no concello de Cortegada e chegaría a ser bispo de Popayán en Colombia ao ser promovido á dignidade polo Papa Clemente XII. O prelado ocupou esta sé dende 1735 ata agosto de 1741 en que tomou posesión do seu cargo como arcebispo de Santa Fe de Bogotá, capital do denominado Novo Reino de Granada. Alí permaneceu ata a súa morte, o 7 de febreiro de 1744, e foi enterrado na igrexa dos Agostiños Calzados.

Da liñaxe dos Vergara dámos noticia o estudoso de heráldica e xenealoxía frei José Santiago Crespo Pozo no *Boletín da Comisión de Monumentos de Orense*. Polos datos achegados sabemos que frei Diego profesou como relixioso da orde de Santo Agostiño, na que ocupou o cargo de definidor pola provincia de Castela; foi tamén rexente de estudos no colexio de Santo Agostiño de Santiago de Compostela; prior de San Felipe; examinador sinodal do arcebispado de Toledo e teólogo da Nunciatura de España. Os seus pais foron Fermín de Vergara, capitán e gobernador da vila e praza de Milmanda (no desaparecido concello de Acevedo do Río, absorbido por Celanova en 1967) e Manuela de Rivera e Vergara. Tivo por irmán a José Fermín de Vergara y Araujo, e un fillo deste, Francisco Fermín de Vergara, sería cóngo mestrescola da catedral ourensá e o encargado de levar a cabo como testamenteiro, as mandas do tío. O testamento, asinado

en Santa Fé de Bogotá en 1743, institúe a fundación na igrexa de San Martiño de Valongo dunha capela baixo a advocación da Nosa Señora dos Dolores, da que nomea por patrón ao seu sobriño.

Pola súa parte, o Padre Samuel Eiján en *Historia de Ribadavia y sus alrededores*, refírese a grande xenerosidade do prelado para co seu lugar natal, pois non satisfeito con establecer a citada capelanía e reedificar as súas expensas o templo parroquial, quixo contribuír á educación dos nenos coa fundación dunha escola á que asignou rendas propias. Reedificou tamén a casa-pazo da Corredoira, no lugar de Leirado, ao parecer a súa casa natal, que contaba cun Oratorio semipúblico e no que nas datas en que escribe Samuel Eiján (1920) conservábanse dous retratos (orixinal e copia) do ilustre personaxe.

Estas dúas obras foron vendidas por parte da familia que adquirira a casa e son as mesmas que o anticuario ourensán Urbano Ferreiro ofertou no seu momento ao Ministerio de Cultura. No museo ourensán consérvase a documentación da oferta de venda dun dos lenzos presentada en 1972 polo anticuario, a instancias do daquela director, Xesús Ferro Couselo, quen xustifica o interese que ten a adquisición desta obra para o museo por tratarse dun personaxe ourensán. A peza entrou a formar parte da colección permanente do museo en 1974. Pouco antes ingresaría o outro retrato no Museo de América, en Madrid.

O cadro que estudamos adscíbese a un xénero artístico propio da produción do período colonial en Hispanoamérica, o do retrato da elite social coma testemuño das instancias de poder máis representativas. Diferéncianse dentro deste xénero tres tipos: as series virreinais, as da clase eclesiástica que, coas súas series de bispos e arcebispos, acostumaban adornar as salas capitulares das catedrais correspondentes e as da elite académica e intelectual. Este tipo de retratos tivo os seus inicios no século XVI e continuou no XVII cun carácter fundamentalmente histórico e conmemorativo, aínda que o seu verdadeiro auge tería lugar no século XVIII, xa cun máis claro senso de retrato de ostentación.

A composición nestas obras repetírase sen á penas variacións. Son retratos en pé, de busto ou ata a cadeira e cunha serie de elementos imprescindibles no denominado “retrato de aparato barroco” como son: a cortinaxe de fondo, o escudo heráldico e a cartela explicativa cunha inscrición que ofrece abundante información sobre o personaxe representado e os cargos que desempeña e que se sitúa en forma de banda ao pé do cadro ou a un lado en forma oval. Aparecen tamén diversos obxectos que aluden á condición social do retratado, case sempre situados encima dunha mesa, pero tamén representados de modo independente nalgunha parte do lenzo. Características comúns a esta serie de retratos é o de tratárense de obras de centrado carácter testemuñal e normalmente de autores anónimos.



ESCUDO DE ARMAS NA IGREXA DE VALONGO

A estas características reponde o retrato de Frei Diego Fermín de Vergara, no que o anónimo autor recorre aos convencionalismos habituais. A figura, de medio corpo, recórtase sobre un fondo neutro de tonalidade escura, enmarcada por unha curta cortinaxe de veludo que se recolle cun cordón no ángulo superior dereito, mentres que no ángulo esquerdo figura o seu escudo heráldico. Ao pé, franqueada polas dúas mitras que simbolizan as autoridades coas que fora revestido coma bispo e arcebispo respectivamente, sitúase a cartela que, enmarcada por tornapuntas, dá conta do seu currículo, coa seguinte inscrición:

ELYLL^{mo}. S^{or}. Dⁿ. F^rDIEGO FERMÍN D(E) VERGARA / D(E)LORD(E)N D(E)Sⁿ AGVSTIN NATURA(L) D(E)LAF^{ra} D(E) Sⁿ / MARTÍN D(E) BALONGO. OBISP^{do} D(E) ORENSE, HIJO D(E)L CON / U^{to} D(E) SANT^o. OBISPO D(E) POPIAN YARZOBISPO D(E)ST^a FE^e / DONDE MVRIO AÑO D(E) 1744.

O personaxe aparece caracterizado cos atributos propios da súa dignidade retratado en actitude de bendicir coa man dereita, co anel pastoral sobre o dedo anular e coa man esquerda pousada sobre o báculo. Vai toucado cun solideo negro borlado e viste alba, con encaixes nos puños, cinguida no van por un cingulo e unha capa de cor vermella que actúa de intensa nota cromática e que contrasta coa frialdade do fondo. Loce unha cruz peitoral ricamente ornada de pedras preciosas.

O cadro conservado no Museo de América é practicamente igual, aínda que varían pequenos detalles como a posi-

ción das tiaras que neste caso aparecen xuntas ao lado esquerdo da composición, e o texto da inscrición que, nunha cartela con marco rectangular moldurado, ocupa todo o pé do lenzo e no que aparece a data de 1839. Encontramos unha referencia a esta obra no artigo de Leticia Arbeteta Mira “Precisiones iconográficas sobre algunas pinturas del Museo de América, basadas en el estudio de la joyería representada”, no que a autora sinala que se trata dunha copia do século XIX, que non debeu ser moi fiel ao orixinal da primeira metade do século XVIII, a vulgar pola cruz peitoral que se reproduce e que constitúe un exemplo da tendencia historicista, seguindo modelos neogóticos que estaban en pleno auge en época romántica, en lugar dos modelos que corresponderían ao século XVIII.

Na catedral de Bogotá existe outro retrato que supomos ten que ser o orixinal sobre o que se realizarían as copias mencionadas, pois incluso o texto da cartela é moi semellante aos que coñecemos aínda que o fai natural de “Santiago de Galicia”. A realización de copias ou réplicas de pinturas encargadas polas distintas ordes relixiosas, tanto retratos coma outras obras de tema histórico ou didáctico eran algo usual nos virreinos de América, con intención propagandística e de potenciar o seu prestixio nacional e internacional e o coñecemento dos seus representantes en toda a comunidade cristiá.

Na fachada do templo parroquial barroco de Valongo, por baixo da imaxe do San Martiño partindo a capa, figura unha inscrición co texto seguinte: HIZOSE ESTA IGL^a. CON LIMOSNA DEL YLLM^o. S^{or}. Dⁿ FR. DIEGO FERMIN DE BERGARA I LASO PORTO EL S^{or} Dⁿ FRAN^{co} FERMIN DE BERGARA, CAN^o. DE OR^e. ANO DE 1754

En lembranza máis actual ao ilustre personaxe, figura tamén, á esquerda da porta de acceso, unha sinxela placa de pedra na que se le: O ARCEBISPO D. DIEGO F. VERGARA LEVOU CRISTO A COLOMBIA E PARA VALONGO TROUXO O TEMPLO QUE SOÑARA. 1992 V CENTENARIO.

Consérvase tamén a capela por el fundada co seu escudo heráldico ao exterior e que vén sendo o mesmo que figura nos retratos, coa diferenza de estar timbrado. Se describe no artigo “Heráldica de las riberas del Miño” de Ramón y Fernández Oxea e González Paz. Trátase dun escudo cortado, que leva no xefe unha banda franqueada por un león rampante e unha cruz de Calatrava e na punta tres faixas xadrezadas. Presenta escusón co corazón en chamas da orde dos agostiños.


Na casa da Corredoira, actualmente dividida en vivendas de catro propietarios, figura tamén outra modesta placa homenaxe que simplemente di: EIQUI NACEU O EXCMO. E RVDMO. D. DIEGO FERMÍN DE VERGARA.



FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR



ESCOLMA DE ESCULTURA, SALA SAN FRANCISCO



MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

Máis información e imaxes na **nova páxina web**:
<http://www.musarqourense.xunta.es>

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, dende a proto-historia ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde está o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 230 430

O horario de visita é o seguinte:

martes a sábado: 9.30 a 14.30h

16.00 a 21.00h

domingo: 9.30 a 14.30h

luns pechado

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002. Ourense.

Teléfono: 988 223 884

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.30h ás 14.30h e das 16.00h ás 20.30h

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

TEXTO: Belén Lorenzo Rumbao.

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego.

ISSN: 1579-9956

Depósito legal: VG 97-2004

Museo Arqueolóxico

galicia



XUNTA
DE GALICIA